

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17 DE XUÑO DE 2016.

- 1.- Acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 3 de xuño de 2016.

DEPORTES

- 2.- Bases e convocatoria específica para o desenvolvemento do Proxecto de subvencións orientadas a potenciar programas de participación de deportistas da Cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel de carácter internacional na tempada deportiva 2015/2016. Expte. 15112/333.
- 3.- Proposta de aprobación do proxecto de obras de “Accesos e cubrición na piscina da ETEA”. Expte. 15066/333.
- 4.- Proposta de autorización da organización do carreira “PONLE FRENO” o vindeiro 19 de xuño de 2016. Expte. 15088/333.
- 5.- Proposta de autorización da organización da XXXIII Carreira de San Xoan, o vindeiro xoves 23 de xuño de 2016. Expte. 14832/333.

DIRECCIÓN DE INGRESOS

- 6.- Dar conta da resolución de 31.05.16, do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, pola que se aproba o Padrón fiscal da taxa de recollida do lixo de vivendas do exercicio 2016. Expte. 50073/513.

EMPREGO

- 7.- Recoñecemento de dereitos económicos pola asistencia a tribunais de selección de beneficiarios/as da convocatoria do “II Plan de conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015”, da Deputación de Pontevedra.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- 8.- Proxecto de convenio de colaboración coa Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” para axudar ao financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para do ano 2016. Expte. 7344/320.

RECURSOS HUMANOS

- 9.- Reclamación administrativa previa á xurisdición laboral por recoñecemento de dereito e cantidades da categoría de xefa de negociado. Expte. 27760/220.

SEGURIDADE

- 10.- Revisión de prezos do contrato de subministración, mantemento e conservación da rede semaforica. Expte. 95611/210.

SERVICIO DO ÁREA DE CULTURA

- 11.- Fixación de prezos de venda de entradas para os concertos de pagamento do Festival de Jazz "Imaxina Sons'16". Expte. 867/330.

URBANISMO

- 12.- Proposta relativa á aceptación da concesión administrativa, sen canon de utilización, para a ocupación da superficie sobre o falso túnel ferroviario e o túnel de acceso rodado no eixe Atlántico de alta velocidade acceso Norte a Vigo, nova estación de Vigo-Urzáiz, infraestrutura ferroviaria entre os PP.KK 0+571,8 ao 0+428 no termo municipal de Vigo. Expte. 143/403.

- 13.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **17 de xuño de 2016, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois (10,00 h.) en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

Vigo, 15 de xuño de 2016.

CCA/me.

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA
XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez

Olga Alonso Suárez.